



## **MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO DA USC PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS DO ALUMNADO DO MÁSTER EN DIRECCIÓN DE ACTIVIDADES EDUCATIVAS NA NATUREZA (DAEN) NOS MUSEOS E PARQUES ARQUEOLÓXICOS XESTIONADOS POLA CONSELLERÍA.**

A directora xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

### **DECLARA:**

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, formalizou coa Facultade de Formación do Profesorado da USC o instrumento convencional arriba mencionado por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura por un período de catro (4) anos, podendo prorrogarse de forma expresa para os seguintes catro anos de común acordo entre as partes.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer un programa para a realización de prácticas académicas externas do alumnado do MÁSTER UNIVERSITARIO EN DIRECCIÓN DE ACTIVIDADES EDUCATIVAS NA NATUREZA (DAEN) DA FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO DA USC nas dependencias dos museos e parques arqueolóxicos xestionados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

A cláusula 3ª da exposición de motivos sinala que os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela establecen que a “Universidade de Santiago de Compostela poderá contar coa colaboración de profesionais externos no desenvolvemento de actividades prácticas derivadas de convenios ou acordos con ela, para impartiren prácticas tuteladas externas, segundo o que se estableza nestes convenios, e procurará o adecuado desenvolvemento desta colaboración”.

A cláusula 5ª recolle que a “Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ten interese en colaborar no sistema de formación práctica do alumnado da USC”.

Para o desenvolvemento deste proxecto non é posible promover a concorrência pública xa que a Facultade de Formación do Profesorado da USC é a única facultade galega que imparte esta titulación que posúe un **contido específico e un perfil diferenciado que non existe en ningunha outra universidade galega e que resposta a unha demanda crecente na sociedade actual que precisa persoas expertas e cualificadas para atender as accións educativas que se desenvolven en contornos naturais promovidas tanto dende o ámbito educativo formal como non formal.**

As prácticas obxecto deste convenio insírense dentro das funcións propias dos museos que, como institucións culturais e científicas, teñen a obriga de colaborar na formación dos especialistas universitarios poñendo á súa disposición a súa experiencia, tanto na xestión e difusión do patrimonio natural e cultural que custodian como na organización de actividades e proxectos culturais.

Este convenio de colaboración carece de repercusión económica polo que non implica a adquisición de ningún tipo de obrigas por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.





**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Secretaría Xeral de Cultura  
Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3 -2º  
15781-SANTIA Edificio Administrativo San Caetano.  
Bloque 3 -2º  
15781-SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 54 54 00



Os intereses comúns das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo à natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso à sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras

E para que conste asínase esta memoria en Santiago de Compostela

